

Unha formula da traza para fluxos foliados

Jesús A. Álvarez López

Departamento de Matemáticas (USC) e CITMAga

Considérase unha variedade compacta M cunha foliación F e un fluxo ϕ^t , que é foliado no sentido de que manda follas a follas. Suponse que as órbitas pechadas de ϕ^t son simples e as follas conservadas por ϕ^t son transversalmente simples. Entón hai un número finito de follas de F conservadas por ϕ^t , que son compactas. As corrientes en M tanxenciais a F e conormais as follas conservadas forman un complexo diferencial topolóxico $I(F)$, dando lugar a una cohomoloxía reducida $HI(F)$, cocientando a cohomoloxía usual pola clausura do subespazo trivial. O dual forte $I'(F)$ de $I(F)$ tamén é outro complexo diferencial topolóxico, con cohomoloxía reducida $HI'(F)$. Nesta situación definimos unha distribución de Leftchetz $L_{\text{dis}}(\phi^t)$ en \mathbf{R} asociada ás dúas accións inducidas ϕ^{t*} en $HI(F)$ e $HI'(F)$, e probaremos que $L_{\text{dis}}(\phi^t)$ cumpre unha formula da traza involucrando as órbitas pechadas e as follas conservadas.

Este tipo de fórmula foi conxeturada por Christopher Deninger, e o traballo foi feito coa colaboración de Yuri Kordyukov and Eric Leichtnam.

Data: 16 de Marzo

Lugar: Aula 10, Facultade de Matemáticas

Duración: 1 hora

Hora: 16:00 h